


**P  
R  
O  
G  
R  
A  
M  
A  
S**



**1º Curso**



**2022-2023**

# ÍNDICE

## *1º Cuadrimestre*

Páx

- 
- **Socioloxía Xeral** (Formación Básica)..... 4
  - **Fundamentos de Dereito** (Formación Básica)..... 7
  - **Fundamentos de Política Social** (Formación Básica).....12
  - **Fundamentos de Traballo Social** (Obrigatoria).....15
  - **Historia do Traballo Social** (Obrigatoria).....18

## *2º Cuadrimestre*

Páx

- 
- **Fundamentos de Psicoloxía** (Formación Básica).....24
  - **Historia dos Sistemas de Benestar Social** (Formación Básica)..27
  - **Antropoloxía Social e Cultural** (Formación Básica).....30
  - **Fundamentos de Economía** (Formación Básica).....33
  - **Ética e Traballo Social** (Obrigatoria).....37

*1º Cuadrimestre*

---

# G3171101 – Socioloxía Xeral (Procesos e Problemas sobre os que actúa o Traballo Social) - Curso 2022/2023

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Primeiro Curso

## Profesor: Xoán Carlos Bascuas Jardón

### Programa

#### Obxectivos da materia

- Coñecer e comprender os conceptos básicos e teorías da Socioloxía.

- Coñecer e comprender os principais feitos e os problemas sociais, e saber relacionalos coa práctica do Traballo Social.

- Coñecer e ser capaz de aplicar mecanismos de identificación, análise e medida dos problemas sociais e das necesidades derivadas das situacións de exclusión, discriminación e opresión nas que intervén o Traballo Social e as formas de intervención para combatelas.

#### Contidos

Tema 1. A Socioloxía como ciencia social. Problemas e perspectivas da Socioloxía: os principais paradigmas da Socioloxía.

Tema 2. A orixe da Socioloxía como ciencia. As interpretacións sociolóxicas de August Comte. As interpretacións sociolóxicas de Karl Marx. As interpretacións sociolóxicas de Emile Durkheim. As interpretacións sociolóxicas de Max Weber.

Tema 3. Cultura. Definición. Compoñentes e características do sistema cultural. Normas, valores, crenzas e símbolos. Funcións sociais da cultura.

Tema 4. Rol e Status. Definición de rol social. Tipoloxía do rol. Conflito de rol e a resolución de conflitos de rol.

Tema 5. O proceso de socialización. As etapas do proceso de socialización. Os principais axentes e medios ambientais de socialización: a familia, a escola, os grupos de iguais e o traballo, e medios de comunicación de masas.

Tema 6. Xénero e sociedade. A socialización do xénero. Patriarcado e sexismo. Feminismo e sociedade. A sexualidade. A homosexualidade. Sexualidade e cambio social.

Tema 7. Conformidade e desviación social. Comportamiento desviado en socioloxía. Desviación e formas de adaptación social.

Tema 8. O control social. Concepto e funcións do control social. Mecanismos, sistemas ou niveis de control social.

#### Bibliografía básica e complementaria

Bauman, Z. e May, T. (2007). *Pensando sociolóxicamente*. Buenos Aires: Nueva Visión.

Berriain, J. e Iturrate, J. L. (Eds.) (2008). *Para comprender la teoría sociológica*. Estella: Verbo Divino.  
Díaz, J.A. e Rodríguez, R.M. (2018). *Introducción a la Sociología contemporánea*. Paidós.  
Flecha, R., Gómez, J. e Puigvert, L. (2001). *Teoría sociológica contemporánea*. Barcelona: Paidós.  
García Ferrando, M. (Coord.). (2005). *Pensar nuestra sociedad. Fundamentos de Sociología*. Valencia: Tirant lo Blanch.  
Garvia, R. (2007). *Conceptos fundamentales de sociología*. Madrid: Alianza.  
Guiddens, A. (2010). *Sociología*. Madrid: Alianza Editorial.  
Macionys, J. e Plummer, K. (2004). *Sociología*. Madrid: Prentice-Hall.  
Ritzer, G. (2005). *Teoría sociológica*. Madrid. McGraw-Hill.  
Scott, J. (Ed.) (2013). *50 sociólogos esenciales*. Madrid: Cátedra.  
Sprecher, R. (Coord.). (2005). *Teorías sociológicas. Introducción a los clásicos*. Córdoba (Argentina): Ed. Tezanos, J. F. (2006). *La explicación sociológica. Una introducción a la Sociología*. UNED

## **Competencias.**

### **XENÉRICAS:**

.- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

### **ESPECÍFICAS:**

.- Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.

### **TRANSVERSAIS:**

- .- Capacidade de análise e síntese.
- .- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- .- Capacidade de razoamento crítico.
- .- Capacidade de aprendizaxe autónomo.
- .- Capacidade de motivación pola calidade.

## **Metodoloxía da ensinanza**

A metodoloxía utilizada combina a docencia de clases expositivas, interactivas, titorías en grupo reducido e o traballo persoal.

As sesións de aula nas aulas expositivas teñen como finalidade a explicación dos aspectos básicos de cada tema establecido no programa, proporcionando a información necesaria que permita ao alumnado o aprendizaxe autónomo.

A docencia interactiva, de 18 horas distribuídas no cuadrimestre, pretende que o alumnado, individualmente ou en grupo, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos, traballo con textos ou datos, aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

No último período do cuadrimestre realizaranse sesións de titorías en grupos reducidos nos que se desenvolverán actividades orientadas á realización do exame final.

A través das titorías asesórase ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma polo/a alumno/a, que supoñen un proceso de autoaprendizaxe.

## **Sistema de avaliación da aprendizaxe**

Haberá un exame final tipo test, correspondente ás convocatorias oficiais (tanto para a primeira como para a segunda oportunidade), que é necesario superar para aprobar a materia.

O exame final liberará o 70% da nota final.

O 30% restante da nota final se corresponderá coa avaliación continua.

Na Guía da Materia, que se entrega ao comezo das aulas, especificase o contido e a puntuación correspondente a cada tarefa da avaliación continua.

No caso de non asistir ás aulas nas que se realizan tarefas puntuábeis, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas, coa elaboración de traballos e exercicios encomendados polo profesor. Unha vez se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto co profesor para o encargo da tarefa compensatoria, no caso de que proceda a realización dunha actividade puntuable. Ao efecto, unha vez publicada o acta na que conste a xustificación da/s falta/s de asistencia, o alumnado ten un prazo de 5 días hábiles, para solicitar ao profesor a tarefa para compensar a puntuación correspondente.

A puntuación obtida nas actividades de avaliación continua pódese conservar para cursos posteriores, non sendo que algunhas destas actividades sexa eliminada e/ou sexa incorporada algunha nova; neste caso deberá realizarse para poder obter a puntuación correspondente. Por outra parte, se cambia a valoración de cada unha das actividades, a puntuación obtida no seu momento, modificarase pola equivalente actual. O/la alumno/a que non supere a materia, e desexe conservar a puntuación obtida no curso anterior debe comunicalo a través dun correo electrónico dirixido ao profesor da materia (bascuas@euts.es).

O prazo e os motivos polos que se pode xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia ás aulas nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

#### DISPENSA DE ASISTENCIA

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas y que teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas coa realización de exercicios ou traballos que deberá entregar por escrito, despois de acordalo co profesor nunha titoría.

O alumnado que teña concedida a dispensa de asistencia, ten que poñerse en contacto co profesor, preferentemente por correo electrónico, nun prazo non superior a cinco días hábiles dende a data de publicación da acta na que se recoñece dita concesión.

#### PLAXIO E USO INDEBIDO DAS TECNOLOXÍAS

“Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións”.

#### **Tempo de estudo e traballo persoal**

O tempo de estudo e traballo persoal estimado que debe dedicar un estudante para a superación da Socioloxía Xeral é dun total de 99 horas distribuídas do seguinte xeito:

Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas.

Exercicios: 15 horas.

Lectura de textos: 10 horas.

Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas.

Preparación para exposicións: 04 horas.

#### **Recomendacións para o estudo da materia**

Non hai recomendacións específicas, para alén do contacto periódico co profesor e a participación nas aulas interactivas.

# G3171102 - Fundamentos de Dereito (Ferramentas Legais e Organizativas para o Traballo Social) - Curso 2022/2023

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matricula:** Primeiro Curso

## Profesor: Manuel Luís Barreiro Carballal

## Programa

### Obxectivos da materia

- Coñecer os mecanismos de creación do Dereito e desenvolver a capacidade de interpretar correctamente as normas emanadas das diversas fontes xurídicas.
- Coñecer e ser capaz de integrar no traballo social as esixencias que impoñen os marcos legais e as normas de prestación de servizos, incluíndo a natureza da autoridade, a aplicación práctica da lei, a responsabilidade legal, e as tensións entre normas xurídicas, políticas e prácticas.
- Coñecer e comprender o marco xurídico para as relacións persoais e familiares, especialmente entre os cónxuxes (matrimonio, separación e divorcio, parellas de feito) e en relación aos menores (obrigas de e para cos nenos, a adopción e o acollemento, e a protección de menores).

### Contidos

#### INTRODUCCIÓN AO DEREITO

1. O Dereito como ordenación da vida social.
  - a) Concepto de Dereito.
  - b) Caracteres do Dereito.
  - c) Clases do Dereito: Dereito obxectivo e subxectivo. Dereito natural, Dereito histórico
  - e) Dereito positivo. Dereito público e Dereito privado.
2. As fontes do ordenamento xurídico.
  - a) Concepto de fontes: Enumeración e xerarquía.
  - b) A Lei: Concepto. Caracteres. Clases e a súa xerarquía.
  - c) O Costume: Concepto. Requisitos. Tipos.
  - d) Principios xerais do Dereito. A equidade.
3. As normas xurídicas.
  - a) Aplicación e interpretación das normas xurídicas.
  - b) Eficacia das normas: Eficacia obrigatoria. Eficacia sancionadora. Eficacia das normas no tempo. Eficacia das normas no espazo.

## DEREITO CIVIL APLICADO AO TRABALLO SOCIAL

### 4. O Dereito civil.

- a) Concepto e contido.
- b) A formación histórica do Dereito civil. A codificación.
- c) O Dereito foral.

### 5. A persoa, suxeito do dereito.

- a) Dereito da persoa e dereitos da personalidade.
- b) A persoa física. O seu comezo e extinción. A proba do nacemento e da morte.
- c) A capacidade da persoa. Capacidade xurídica e capacidade de obrar. Capacidade limitada, lexitimación e prohibicións.
- d) As persoas xurídicas. Concepto, clases e réxime xurídico.

### 6. O estado civil e a idade das persoas.

- a) O estado civil das persoas. Concepto e caracteres. Os diferentes estados civís. Títulos e accións do estado civil.
- b) A idade da persoa. A menor idade. A maioría de idade. A emancipación. A vellez.

### 7. O apoio das persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica.

- a) A incapacidade natural.
- b) A extinta incapacitación xudicial. Concepto, finalidade e natureza. Causas. Efectos sobre a capacidade de obrar. A incapacitación de menores. O internamento. A declaración de prodigalidade.
- c) As institucións de garda. A tutela, a curatela, o defensor xudicial e a garda de feito.

### 8. O domicilio, a veciñanza civil e a nacionalidade.

- a) O domicilio e a ausencia.
- b) A nacionalidade.
- c) A veciñanza civil.

### 9. O Rexistro civil.

- a) Concepto, antecedentes e organización.
- b) Proba dos feitos inscritos e rectificación do contido do Rexistro.

### 10. A familia e o parentesco.

- a) O Dereito de familia. Concepto, caracteres e contido.
- b) O parentesco. Concepto, clases e cómputo.
- c) A obriga de alimentos. Concepto. Clases e caracteres. Suxeitos obrigados ó pago de alimentos. Nacemento, forma de cumprimento e extinción da obriga de alimentos.

### 11. O matrimonio.

- a) Concepto e caracteres.
- b) Requisitos previos, simultáneos e posteriores.
- c) Efectos no ámbito persoal e patrimonial. Os réximes económicos regulados no Código civil.
- d) As parellas de feito.
- e) A separación. Concepto, clases e efectos específicos da sentenza de separación.
- f) O divorcio. Concepto, causas e efectos específicos da sentenza de divorcio.
- g) A nulidade. Concepto, causas, validación do matrimonio nulo e efectos específicos da declaración de nulidade.
- h) Efectos comúns á nulidade, separación e divorcio.
- i) O convenio regulador.
- j) A nulidade canónica e os seus efectos civís.

### 12. Protección de menores.

- a) A filiación. Concepto, clases, determinación, proba e efectos.
- b) A filiación matrimonial. Concepto, presunción de paternidade e determinación legal.
- c) A filiación non matrimonial. Concepto e determinación.
- d) As accións de filiación.



- e) A filiación na lei de técnicas de reprodución asistida.
- f) A patria potestade. Concepto. Titularidade e Exercicio. Contido. Suspensión, privación e extinción. Patria potestade prorrogada e rehabilitada.
- g) A adopción.
- h) A garda e acollementos de menores. Normativa estatal e autonómica. Datos estatísticos. Acollemento familiar e residencial.

### 13.O Dereito de sucesións.

- a) A sucesión mortis-causa.
- b) Clases de sucesión. Sucesión testada, lexítima ou forzosa e intestada.
- c) A sucesión no dereito foral galego: as lexítimas, o pacto de mellora e o reparto da herdanza.
- a) A sucesión mortis-causa.
- b) Clases de sucesión. Sucesión testada, lexítima ou forzosa e intestada.
- c) A sucesión no dereito foral galego: as lexítimas, o pacto de mellora e o reparto da herdanza.

## Bibliografía básica e complementaria

### Bibliografía básica

- Moreno, B, Bustos, I e Trujillo, M. (2006). *Derecho civil de la persona y de la familia*.

### Comares. Bibliografía complementaria

- Ales, J., Navarro, R. e Toscano, F. (2007). *Derecho y Trabajo Social*. Aconcagua.
- Valpuesta, E. (2001). *Derecho para universitarios*. Eunate.

## Competencias

### Competencia Xeral:

- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes para facer valoracións e diagnósticos sociais no campo da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

### Competencia específica:

- Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural

### Competencias transversais:

- Capacidade de análise e síntese
- Capacidade de comunicación oral e escrita
- Capacidade de razoamento crítico
- Capacidade de aprendizaxe autónomo
- Capacidade de motivación pola calidade

## Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía utilizada combina a docencia de clases expositivas, interactivas, titoría en grupo reducido e o traballo persoal. Preténdese que o alumnado, individual ou grupalmente, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos; traballo con textos ou datos; aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

Como aula virtual, para o desenvolvemento da docencia emprégase a web propia do centro, na que cada materia ten o seu espazo propio, ao que o alumnado accede con chave.

A metodoloxía empregada na aula será dobre:

- As clases expositivas consistirán en explicacións maxistras con utilización de exemplos relacionados co traballo social, preferentemente relativos ao contexto sociocultural actual. Ocasionalmente solicitarase ao alumnado a súa colaboración mais aló da aula para que investiguen sobre aspectos propostos en ditas clases e que precisan dun aporte de tempo persoal do que non se conta no horario lectivo.
- As clases interactivas consistirán na realización de casos prácticos relacionados coa tutela xurídica dos colectivos. A aprendizaxe mediante a resolución de casos complementarase con comentarios de noticias de prensa referidas a aplicación da norma xurídica na realidade social e visionado de fragmentos de películas ou documentais que recolla ditas problemáticas.

De xeito complementario a ambos modelos de clases o profesor realizará unha proposta de estudo sobre temas legais para que o alumnado poida preparar o seu posterior debate na aula.

### **Sistema de avaliación da aprendizaxe**

A avaliación do alumnado levarase a cabo a través dos seguintes instrumentos:

- Realización de exame final escrito, que terá un valor dun 80% sobre a cualificación global. Esta proba será complementaria á avaliación continua
- Asistencia ás clases interactivas e participación en debates, realización e presentación de traballos escritos, cun valor equivalente a un 20% sobre a cualificación global. (Avaliación continua formativa)

A proba de exame será de carácter teórico práctico. Existirá un primeiro exame a modo de parcial liberatorio que versará sobre a temática dos 9 primeiros temas. Un segundo exame terá natureza dobre: para o alumnado que teña superado o parcial liberatorio esta proba actuará como segundo parcial referido á temática dos 4 temas restantes, mentres que para quen non tiveran aprobado o referido parcial este segundo exame actuara como exame final dos 13 temas do temario.

O modelo de exame proposto terá tres apartados diferenciados.

1ª parte. Consiste en vinte preguntas test con catro opcións de resposta sendo unha delas a correcta. Os acertos sumarán un punto ao cómputo global mentres que os erros restarán medio punto a dito cómputo. As cuestións que non teñan resposta non computarán (sobre 20 puntos)

2ª parte. Un tema a elixir entre dous propostos (sobre 10 puntos)

3ª parte. Un caso práctico que versará sobre a tutela xurídica dos colectivos e a regulación dos dereitos e deberes inherentes ás relacións familiares. Enunciaranse 5 cuestións relativas ao caso proposto (sobre 10 puntos)

Na segunda e posteriores convocatorias dada a dificultade do alumnado para compatibilizar os horarios dos diversos cursos estará exento da avaliación da asistencia ás clases interactivas (así como a participación en debates e realización e presentación de traballos escritos). De resultarlle posible ao alumno/a compatibilizar tales horarios poderá, se así o decide, optar pola avaliación da interactividade.

A avaliación continua formativa puntuará da seguinte maneira: actividade das clases interactivas 3 puntos, grupo reducido 1 punto, traballo de investigación/documentación 6 puntos.

### **SISTEMA DE CONTROL DE ASISTENCIA**

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro. O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de Asistencia a Clases nos Ensinos Adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases, e teña concedida dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas de asistencia coa realización e defensa dun traballo. A temática e a metodoloxía que hai que seguir, para esta compensación, será acordado entre o profesor e o alumnado. O alumnado que ten concedida a dispensa de asistencia, ten que poñerse en contacto coa profesora, preferentemente por correo electrónico, nun prazo non superior á 10 días desde a data de publicación da acta na que se recoñece dita concesión.

No caso de non asistir ás clases nas que se realizan tarefas que puntúen, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, estas tarefas poden compensarse coa elaboración de traballos e exercicios que sexan encomendados polo profesor. Unha vez que se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto co profesor para o encargo da tarefa compensatoria, nun prazo máximo de 5 días hábiles.

### **PLAXIO E USO INDEBIDO DAS TECNOLOXÍAS**

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na

**Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala**

Estudio autónomo individual ou en grupo: 50 horas

Exercicios: 15 horas

Lectura de textos: 15 horas Elaboración de traballos: 15 horas

Visionado e comentario de películas ou documentais: 4 horas

TOTAL: 99 horas

**Recomendacións para o estudo da materia**

A asistencia ás clases expositivas é clave para que o alumno poida ir construíndo o corpo teórico da materia necesario para orientar a aprendizaxe práctica.

A participación nas clases interactivas é fundamental para a integración do coñecemento teórico e práctico, e para situar ao alumno en contextos profesionais.

Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da materia manteña un contacto periódico co profesor para aclarar e orientar sobre a bibliografía necesaria para aprofundar en aspectos de maior interese.

Manexo dun dicionario de terminoloxía xurídica, polo específico da mesma.

# G3171104 - Fundamentos de Política Social (O Contexto Institucional do Traballo Social ) - Curso 2022/2023

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Primeiro Curso

## Profesor: Xoán Carlos Bascuas Jardón

### Programa

#### Obxectivos da materia

.- Coñecer os fundamentos e compoñentes da Política Social como disciplina académica e a súa relación histórica co Traballo Social.

.- Coñecer e comprender o proceso histórico de reforma social, e as orixes, desenvolvemento e crise do Estado do Benestar.

.- Coñecer e ser capaz de analizar as diferenzas entre os tipos. E modelos de política social, os seus valores de base e os seus resultados.

#### Contidos

Tema 1. O Estado como instrumento da acción política. A orixe do Estado. O Estado moderno. O Estado liberal. O Estado social. O Estado do Benestar.

Tema 2. As ideoloxías e as políticas sociais. Conservadurismo. Liberalismo. Socialismo. Anarquismo. Fascismo. Feminismo. Ecoloxismo. Nacionalismo. Os modelos de política social.

Tema 3. A formación e consolidación do Estado de Benestar. Antecedentes do Estado de Benestar no século XIX. Os comezos do Estado de Benestar no século XX. A consolidación e extensión do Estado de Benestar.

Tema 4. A crise do Estado de Benestar e a súa xestión. A reformulación do Estado interventor. A crise do Estado de Benestar a partir dos anos setenta. A xestión da crise nos anos oitenta: primeira reestruturación do Estado de Benestar. A xestión da crise nos anos noventa: segunda reestruturación do Estado de Benestar. O Estado de Benestar na actualidade: Perfil do Estado de Benestar hoxe en día; Estado de Benestar competitivo?; Estado de Benestar sustentábel?.

Tema 5. A formación, consolidación e reformulación do Estado social español. A experiencia española anterior á Constitución de 1978. A construción do "Estado social democrático y de derecho" proclamado pola Constitución de 1978. O desenvolvemento do Estado do Benestar: os gobernos socialistas (1982-1996) e os gobernos conservadores (1996-2004). Políticas sociais e o proceso de descentralización territorial.

Tema 6. A Política Social no marco da Unión Europea. ¿Que é a Unión Europea (UE)? A Política Social europea: perspectiva histórica. A Política Social europea no Tratado Constitucional europeo. Os instrumentos financeiros comunitarios e os programas para a Política Social común.

## **Bibliografía básica e complementaria**

- Abellán, J. (2012). *Política. Conceptos políticos fundamentales*. Alianza.
- Alemán, C. e Fernández García, T. (Coord.). (2006). *Política social y estado de bienestar*. Tirant Lo Blanch.
- Alemán, C. e Garcés, J. (Coord.). (1998). *Política Social*. McGraw-Hill.
- Basavé, A. (2015). *La cuarta socialdemocracia*. La Catarata.
- Corcuff, P. (2008). *Los grandes pensadores de la política*. Alianza.
- Fernández A. e Rozas M. (2013). *Políticas Sociales y Trabajo Social*. Editorial Humanitas.
- Fernández, T. e De la Fuente, Y. M<sup>a</sup>. (Coords.). (2009). *Política social y Trabajo Social*. Alianza Editorial.
- Lorente, M. A. e Capella, J. R. (2009). *El crack del año ocho. La crisis. El futuro*. Ed. Trotta.
- Molina, I. (2007). *Conceptos fundamentales de ciencia política*. Alianza.
- Montagut, T. (2000). *Política Social*. Editorial Ariel.
- Muñoz, R. (Ed.) (2000). *El estado de bienestar en el cambio de siglo*. Alianza Editorial.
- Navarro, V. (Coord.).(2004). *El Estado de Bienestar en España*. Tecnos.
- Navarro, V. (2002). *Bienestar insuficiente, democracia incompleta*. Anagrama.
- Navarro, V.; Torres, J.; e Garzón, A. (2011). *Hay alternativa. Propuestas para crear empleo y bienestar social en España*. Sequitur.
- Parekh, B. (2005). *Pensadores políticos contemporáneos*. Alianza.

## **Competencias**

### **XENÉRICAS:**

- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

### **ESPECÍFICAS:**

- Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.

### **TRANSVERSAIS:**

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade de comunicación oral y escrita.
- Capacidade de razoamento crítico.
- Capacidade de aprendizaxe autónomo.
- Capacidade de motivación pola calidade.

## **Metodoloxía da ensinanza**

A metodoloxía utilizada combina a docencia de clases expositivas, interactivas, titorías en grupo reducido e o traballo persoal.

As sesións de aula nas aulas expositivas teñen como finalidade a explicación dos aspectos básicos de cada tema establecido no programa, proporcionando a información necesaria que permita ao alumnado o aprendizaxe autónomo.

A docencia interactiva, de 18 horas distribuídas no cuadrimestre, pretende que o alumnado, individualmente ou en grupo, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos, traballo con textos ou datos, aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

No último período do cuadrimestre realizaranse sesións de titorías en grupos reducidos nos que se desenvolverán actividades orientadas á realización do exame final

A través das titorías asesórase ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma polo/a alumno/a, que supoñen un proceso de autoaprendizaxe.

## **Sistema de avaliación da aprendizaxe**

Haberá un exame final tipo test, correspondente ás convocatorias oficiais (tanto para a primeira como para a segunda oportunidade), que é necesario superar para aprobar a materia.

O exame final liberará o 70% da nota final.

O 30% restante da nota final se corresponderá coa avaliación continua.

Na Guía da Materia, que se entrega ao comezo das aulas, especificase o contido e a puntuación correspondente a cada tarefa da avaliación continua.

No caso de non asistir ás aulas nas que se realizan tarefas puntuábeis, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas, coa elaboración de traballos e exercicios encomendados polo profesor. Unha vez se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto co profesor para o encargo da tarefa compensatoria, no caso de que proceda a realización dunha actividade puntuable. Ao efecto, unha vez publicada o acta na que conste a xustificación da/s falta/s de asistencia, o alumnado ten un prazo de 5 días hábiles, para solicitar ao profesor a tarefa para compensar a puntuación correspondente.

A puntuación obtida nas actividades de avaliación continua pódese conservar para cursos posteriores, non sendo que algunhas destas actividades sexa eliminada e/ou sea incorporada algunha nova; neste caso deberá realizarse para poder obter a puntuación correspondente. Por outra parte, se cambia a valoración de cada unha das actividades, a puntuación obtida no seu momento, modificarase pola equivalente actual. O/a alumno/a que non supere a materia, e desexe conservar a puntuación obtida no curso anterior debe comunicalo a través dun correo electrónico dirixido ao profesor da materia (bascuas@euts.es).

O prazo e os motivos polos que se pode xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia ás aulas nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

#### DISPENSA DE ASISTENCIA

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas y que teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas coa realización de exercicios ou traballos que deberá entregar por escrito, despois de acordalo co profesor nunha titoría.

O alumnado que teña concedida a dispensa de asistencia, ten que poñerse en contacto co profesor, preferentemente por correo electrónico, nun prazo non superior a cinco días hábiles dende a data de publicación da acta na que se recoñece dita concesión.

#### PLAXIO E USO INDEBIDO DAS TECNOLOXÍAS

“Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións”

#### **Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala**

O tempo de estudo e traballo persoal estimado que debe dedicar un estudante para a superación dos Fundamentos da política social é dun total de 99 horas distribuídas do seguinte xeito:

Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas.

Exercicios: 15 horas.

Lectura de textos: 15 horas.

Elaboración de traballos, visualización de material: 15 horas.

Preparación de exposicións: 04 horas.

#### **Recomendacións para o estudo da materia**

Non hai recomendacións específicas, para alén do contacto periódico co profesor e a participación nas aulas interactivas.

# G3171121 - Fundamentos de Trabajo Social (O Trabajo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2022/2023

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Trabajo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Trabajo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Primeiro Curso

## Profesora: M<sup>a</sup> Purificación García Álvarez

### Programa

#### Obxectivos da materia

- Comprender criticamente a natureza do Trabajo Social como profesión e como disciplina, e as súas relacións coas diversas Ciencias Sociais
- Identificar os principais grupos de persoas atendidas, tipos de problemas e de respostas, e espazos nos que se desenvolve o Trabajo Social nunha sociedade diversa.
- Recoñecer os puntos de contacto e as diferenzas con outras profesións de axuda, da educación e a animación, e coa actividade voluntaria.
- Coñecer e ser capaz de analizar a relación entre as políticas institucionais, as esixencias legais e os límites profesionais no desenvolvemento do Trabajo Social

#### Contidos

- I.- O Trabajo Social no contexto das Ciencias Sociais. Epistemoloxía, coñecemento, teoría e práctica.
- II.- Natureza, obxecto, fins e obxectivos.
- III.- Elementos constitutivos do Trabajo Social: clientes, traballadores/as sociais e os marcos de acción.
- IV.- Principios filosóficos e éticos.
- V.- Ámbitos de intervención, competencias e funcións dos traballadores/as sociais. VI.- A interdisciplinariedade.
- VII.- O método en Trabajo Social e principais modelos metodolóxicos. Técnicas

#### Bibliografía básica e complementaria

Bibliografía básica:

- Acero, C. (2002). Teorías aplicadas en la práctica del TS. *Trabajo Social Hoy*, 28, 35 - 36
- Aguiar, M.J. (2013). *Trabajo Social: Conceptos y Metodología*. Paraninfo
- Aleman, C. e Fernández García, T. (Coords). (2000). *Introducción al Trabajo Social*. Alianza Biestek, F. (1966). *Las relaciones de casework*. Aguilar
- Colomer, M. (octubre, 1973). Esquema del método de trabajo social. *RTS* 75, 18-24 Escartín, M. J (1992). *Manual de trabajo social: Modelos de práctica profesional*. Aguacalara
- Escartín, M. J. e Suarez Soto, E. (1994). *Introducción al Trabajo Social: Historia y Fundamentos teórico-prácticos*. Aguacalara
- Fernández García, T. (Coord). (2009). *Fundamentos del Trabajo Social*. Alianza
- Fernández García, T. e Ponce de León, L. (2014). *Nociones Básicas de Trabajo Social*. UNED. Healy, K. (2001). *Trabajo Social: Perspectivas Contemporáneas*. Morata S.L.
- Malagón, E. (2012). *Fundamentos de Trabajo Social*. Universidad de Colombia.
- Martínez, M<sup>a</sup> J. (Coord). (2000). *Para el Trabajo Social: Aportaciones teóricas y prácticas*. Maristán Morán, J. M. (2006). *Fundamentos del Trabajo Social: Trabajo social y epistemología*. Tirant lo Blanch
- Olza, M. e Hernández Aristu, J. (Comps). (2002). *Trabajo Social: Cuestiones sobre el qué y el cómo*. Certeza
- Red, de la, N. (1993). *Aproximaciones al Trabajo Social*. Siglo XXI
- Richmond, M. E. (1996). *El caso social individual*. Talasa

Robertis De, C. (2009). *Fundamentos del trabajo social: Ética y metodología*. Nau Llibres Viscarret, J. J. (2007). *Modelos y métodos de intervención en Trabajo Social*. Alianza

Bibliografía complementaria:

Alayón, N. (1981). *Definiendo al Trabajo Social*. Hvmánitas Ánder-Egg, E. (1992). *Introducción al Trabajo Social*. Siglo XXI

Arambarri, P. (2002). Viaje al país de la metodología. *Servicios Sociales y Política Social*, 57, 32-39

Asamblea General de Colegios Oficiales DE DTS E AASS. (1999). *Código Deontológico de la Profesión de Diplomado en Trabajo Social*. Consejo Gral de Colegios Oficiales de DTS.

García Alba, J. y Meilán, J.R. (1993). *Hacia un nuevo enfoque del Trabajo Social*. Narcea Hill, R. (1992). *Nuevos paradigmas en Trabajo Social: lo social natural*. Siglo XXI

Howe, D. (1999). *Dando Sentido a la Práctica: Una introducción a la Teoría del Trabajo Social*. Maristán

Kisnerman, N. (1985). *Introducción al Trabajo Social*. Hvmánitas

Lascorz, A. (1998). Modelos de intervención en TS. *Revista Área Social*, 1,122-134 Moix, M. (1991). *Introducción al Trabajo Social*. Trivium

Payme, M. (1995). *Teorías contemporáneas del trabajo social*. Paidós

Ranquet M. (1996). *Los modelos en trabajo social: Intervención con personas y familias*. Siglo XXI Rubí, C.

(1989). *Introducción al trabajo social*. Llar del Libre

## Competencias

### XENÉRICAS:

. Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.

. Ter desenvolvidas as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e aprendizaxe no ámbito do Traballo Social cun alto grao de autonomía.

### ESPECÍFICAS:

.Ter a capacidade para traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades, as súas necesidades e circunstancias, promovendo o cambio, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberdade da sociedade para incrementar o benestar e a cohesión

. Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.

### TRANSVERSAIS:

. Capacidade de análise e síntese

. Capacidade de comunicación oral e escrita

. Capacidade de razoamento crítico

. Capacidade de aprendizaxe autónoma

. Capacidade de motivación pola calidade

## Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía utilizada combina a docencia expositiva e interactiva e o traballo persoal do/a alumno/a fóra da aula, o que permite a súa aprendizaxe autónoma.

Preténdese que o alumnado, individual ou grupalmente, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos; traballo con textos ou datos; traballo con soportes audiovisuais; exposición/presentación de información; aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

A través das titorías asesórase ao alumnado para a realización das actividades conducentes a desenvolver a capacidade de aprendizaxe autónoma.

Como aula virtual, para o desenvolvemento da docencia emprégase a web propia do centro, na que cada materia ten o seu espazo propio, ao que o alumnado accede con chave.

Tanto a docencia expositiva como a interactiva impartiranse de xeito presencial.

O seguimento realizarase a través da lista de participación nos prácticos, tarefas e traballos individuais e/ou en grupo, establecidos na Guía da materia. As titorías reducidas se realizarán de xeito presencial.



## **Sistema de avaliación da aprendizaxe**

O prazo e as causas polas que se poden xustificar ás faltas de asistencia son as establecidas na Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao espazo europeo de educación superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

Todo o alumnado que teña ausencias xustificadas, terá que poñerse en contacto coa profesora a través do correo (purinaga@euts.es) para establecer a tarefa compensatoria, no caso de que unha actividade de puntuación sexa axeitada (cun prazo máximo para recoller o material e devolver a actividades de 7 días hábiles dende a data de xustificación).

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases interactivas e teña concedida a dispensa de asistencia, terá un prazo de 5 días dende a data de publicación da acta para contactar coa docente mediante o correo electrónico (purinaga@euts.es) y poderán compensar a falta de asistencia coa realización das tarefas, prácticos ou traballos por escrito, establecidos pola docente.

A puntuación obtida nas actividades de avaliación continua pode manterse para cursos posteriores (variando a puntuación en caso de cambios no número ou tipo de tarefa, práctico e traballo). Os alumnos que non superen a materia e queiran manter a puntuación obtida, deberán comunicarlle a la docente da materia nos primeiros 15 días ao comezo do cuadrimestre, por correo electrónico (purinaga@euts.es).

Poderanse dar cambios, sempre beneficiosos para a aprendizaxe do alumno, na avaliación continua, no momento en que se chegue a acordos entre a profesora e os alumnos.

Plaxio e uso indebido das tecnoloxías

“Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións”

A avaliación da materia realízase mediante a avaliación continua combinada con proba final, que é complementaria nas dúas oportunidades.

A proba final terá un peso do 60% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua é do 40%, que será de 2 puntos para traballos individuais e de 2 para traballos grupais.

É necesario acadar unha puntuación mínima de 3,5 (dun total de 6) na proba final para poder engadir a puntuación da avaliación continua. A materia aprobarase cando se chegue a un 5.

Na Guía académica especificarase o contido e a puntuación correspondente a cada unha das tarefas, prácticas e traballos da avaliación continua, que a profesora entregará ao comezo das clases..

## **Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala**

Estudo autónomo individual ou en grupo: 50  
horas Exercicios: 15 horas  
Lectura de textos: 10 horas  
Elaboración de traballos, visualización de material: 20  
horas Preparación de exposicións: 4 horas  
Total: 99 horas

## **Recomendacións para o estudo da materia**

A asistencia ás clases expositivas é clave para que o alumnado poida ir construíndo o corpo teórico da materia que en todo momento orienta a aprendizaxe práctico.

A participación nas clases interactivas é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para situar o alumno/a en contextos profesionais.

Recoméndase ao alumnado que no desenvolvemento temporal da materia manteña un contacto periódico coa profesora encargada para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder profundar nas parcelas de maior interese, a través do correo electrónico (purinaga@euts.es)

# G3171122 - Historia do Traballo Social (O Traballo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2022/2023

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 1º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Primeiro Curso

## Profesora: Paula Frieiro Padín

### Programa

#### Obxectivo da materia

- Comprender criticamente a natureza do Traballo Social como profesión e como disciplina, e as súas relacións coas diversas Ciencias Sociais
- Coñecer os principais elementos da historia do Traballo Social e a acción social, e as tendencias actuais do mesmo
- Coñecer as principais correntes teóricas constitutivas do Traballo Social como disciplina.

#### Contidos

##### I. Precedentes na Idade Media da Historia da Acción Social (S. V - XV)

I.1.- Formas de axuda ás persoas: navegando entre a caridade e a beneficencia.

I.1.1.- Tipos de axuda.

I.1.2.- Os Gremios.

I.2.- Figuras relevantes para a acción social.

##### II. O Camiño cara á Acción Social Organizada: Idade Moderna (S. XVI- S. XVIII)

II.1.- Tipos de axuda: da caridade e a beneficencia á axuda pública. II.2.- Institucións de axuda.

II.3.- Lexislación para a organización da acción social. II.4.- Figuras relevantes.

##### III. Representantes da Acción Social Organizada en España: Idade Contemporánea (S. XIX)

III.1.- Concepción Arenal.

III.1.1.- Biografía.

III.1.2.- A visitadora de prisións.

III.1.3.- A escritora: as súas obras máis importantes.

III.1.4.- Visión da beneficencia, a filantropía e a caridade nas institucións.

III.1.5.- O papel das mulleres na sociedade.

III.2.- Outras representantes da Acción Social Organizada.

##### IV. O Traballo Social fora de España: o salto da acción social á profesionalización: Idade Contemporánea (S. XIX - S. XX)

IV.1.- Contextualización.

IV.2.- Lei de Pobres de Inglaterra de 1834.

- IV.3.- A Charity Organization Society (COS).
- IV.4.- Octavia Hill: unha das precursoras do traballo social.
- IV.5.- Os Settlements (asentamientos): Henrietta e Samuel Barnett.
- IV.6.- Mary Ellen Richmond: fundadora do traballo social
- IV.7.- Jane Addams: Hull House.
- IV.8.- Alice Salomon: La Jane Addams alemana
- IV.9.- Gordon Hamilton: o seu vision psicosocial.
- IV.10.- A reconceptualización.
- IV.11.- Virginia Satir: creadora da Escola de Formación de Palo Alto de Terapia Familiar.

#### V.O Traballo Social en España: da beneficencia ao Traballo Social na Idade Contemporánea ( S. XX - S. XXI)

- V.1.- Precedentes legislativos.
- V.2.- Os anos 80: consolidación da profesión.
- V.3.- Etapa dos 90: construíndo a disciplina.
- V.4.- Da reivindicación da licenciatura á Marea Laranxa: unha visión intersubxetiva.

### Bibliografía básica e complementaria

#### BÁSICA:

- Addams, J. (2013). *Hull House: el valor de un centro de acción social*. Consejo General del Trabajo Social y Paraninfo.
- Bastidas, V., Ginnett, K. e Obando, V. (2019). Octavia Hill y sus aportes en el origen de Trabajo Social en la Inglaterra del siglo XIX. *Trabajo Social*, 22 (1), 203-223.
- Capilla, A. e Villadóniga, J. C. (2004). *Los pioneros del Trabajo Social: Una apuesta por descubrirlos*. Escuela Universitaria de Trabajo Social de Huelva. Cebolla, O. (2020). *El arte del trabajo social*. Alejandro R. R Robledillo.
- Cebolla, O. (2022). *Diez historias asombrosas de trabajadoras sociales*. Canal de lo Social. Colomer, M. (2009). *El trabajo social que yo he vivido*. Impulso a la Acción Social.
- Fernández García, T. e Lorenzo, de, R. (Coords.). (2014). *Trabajo social: una historia global*. McGraw-Hill Educación. Herra, M. e Ahedo, J. (Coords.). (2013). *El trabajador social del siglo XXI*. Universidad de la Rioja.
- López, A. (2004). *Concepción Arenal*. Bahía.
- Miranda, M. (2004). *De la caridad a la ciencia. Pragmatismo, interaccionismo simbólico y Trabajo Social*. Mira. Moix, M. (2006). *Teoría del Trabajo Social*. Síntesis.
- Nogal, E. (2008). Alice Salomon (1872-1948). *Revista Trabajo Social Hoy*, 53, 173-180. <http://www.comtrabajosocial.com/paginas/revista-trabajo-social-hoy/>
- Raya, E., Caparrós, N., Lorente, B. e Anaut, S. (2018). *Ciencia y esencia en la práctica del trabajo social*. Tirant humanidades. Richmond, M.E. (2005). *Diagnóstico Social*. Siglo XXI.
- Soydan, H. (2004). *La historia de las ideas en el trabajo social*. Tirant Lo Blanch.

#### COMPLEMENTARIA:

- Addams, J. (1910). *Twenty Years At Hull-House*. The Macmillan Company.
- Alemán, C. E. e Fernández, T. (2007). *Introducción a los servicios sociales*. Universidad Nacional de Educación a Distancia. Ander-Egg, E. (1984). *Historia del Trabajo Social*. Humanitas
- Ander-Egg, E. (1992). *Introducción al Trabajo Social*. Siglo XXI.
- Arenal, C. (1993). *El Visitador del Pobre: La Beneficencia, la Filantropía y la Caridad*. Atlas.
- Consejo General de Colegios Oficiales de Diplomados en Trabajo Social y Asistentes Sociales. (1985). *De la beneficencia al bienestar: Cuatro siglos de acción social*. Autor.
- Consejo General del Trabajo Social. (1990). Trabajo social en España: situación y perspectivas. *Revista de Servicios Sociales y Política Social*, 20.
- Consejo General del Trabajo Social. (2013). La intervención social en tiempos de malestares. [Monográfico]. *Revista de Servicios Sociales y Política Social*, 103.
- Escartín, M.J. e Suárez, E. (1994). *Introducción al Trabajo Social: Historia y Fundamentos teórico-prácticos*. Aguacleara. Fernández García, T. (Coord.). (2009). *Fundamentos del Trabajo Social*. Alianza.
- Fernández García, T. e Alemán, C. (Coords.). (2003). *Introducción al Trabajo Social*. Alianza. Kisnerman, N. (1985). *Introducción al Trabajo Social*. Humanitas.

Maza, E. (1987). *Pobreza y asistencia social en España, siglos XVI al XX: Aproximación histórica*. Universidad de Valladolid. Moix, M. (1991). *Introducción al Trabajo Social*. Trivium.

Molina, M. V. (1994). *Las enseñanzas del Trabajo Social en España 1932-1983*. Universidad Pontificia de Comillas. Muñiz, R. (1996). *O pobo oculto. Pobreza e acción social en Galicia*. A Nosa Terra.

Red, de la, N. (1993). *Aproximaciones al Trabajo Social. Siglo XXI*.

Richmond, M.E. (1995). *El Caso Social Individual. El Diagnóstico Social*. Talasa Ediciones. Rubí, C. (1989). *Introducción al trabajo social*. Llar del Libre.

Torre, J. (1987). *Historia del Trabajo Social*. Humanitas.

## Competencias

Xenéricas:

. Posuír e comprender os coñecementos que definen ao Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.

Específicas:

. Ter a capacidade para traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades, as súas necesidades e circunstancias, promovendo o cambio, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberdade da sociedade para incrementar o benestar e a cohesión

. Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a

cultura e a diversidade cultural. Transversais:

- . Capacidade de análise e síntese
- . Capacidade de comunicación oral e escrita
- . Capacidade de razoamento crítico
- . Capacidade de aprendizaxe autónoma
- . Capacidade de motivación pola calidade

## Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía utilizada combina a docencia de clases expositivas, interactivas, titoría en grupo reducido e o traballo persoal. Preténdese que o alumnado, individual e/ou en equipo, desenvolva actividades de participación activa: traballo con textos e/ou datos, estudo de casos, aplicación de teorías, técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, análise de vídeos, entre outras.

A finalidade das clases expositivas é a explicación dos aspectos básicos de cada tema establecidos no programa, proporcionando a información necesaria que permita ao alumnado a aprendizaxe autónoma e colectiva.

A docencia interactiva pretende que o alumnado, individual e/ou de forma grupal, desenvolva actividades de participación activa, como as sinaladas no primeiro parágrafo deste apartado.

Nas titorías presenciais en grupo reducido, dinamízase, orienta e supervísase o traballo autónomo do alumnado, á vez que permite facer un seguimento e orientación de tarefas e actividades de desenvolvemento individual e/ou colectivo da docencia expositiva e interactiva.

A través das titorías individuais asesórase ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas e, ademais, é un espazo de encontro no que se poden clarificar dúbidas, facer achegas, entre outros aspectos.

Preténdese que o alumnado, individual e colectivamente, participe de forma activa na construción de coñecementos. Para iso levaranse a cabo metodoloxías participativas. Estas descríbense como un proceso vivo, dinámico, que se desenvolve en interacción, para xerar reflexión compartida sobre o que se fai, se busca, aspira e desexa desde unha visión colectiva. Implican intercambio e relación integral entre a práctica e a teoría. Implican un esforzo permanente e sistemático de análise, estudo, reflexión da realidade, dos proxectos e prácticas de intervención que se levan a cabo. Por tanto, implican recoller feitos, situacións,

contidos, conceptos, valores, traballar coas emocións; así como coa realidade nos seus diversos aspectos, e/ou interpretacións. Para iso, levaranse a cabo actividades participativas (visuais, auditivas, corporais, vivenciais, de descubrimento individual e colectivo), vinculadas ao contexto, a casos, experiencias, aplicando técnicas, destrezas, habilidades, entre outras. Ademais, combinarase o anterior co uso e análise de material audiovisual e bibliográfico.

Poderán producirse cambios na metodoloxía da materia cando así sexa acordado entre a profesora e o alumnado e sempre que supoña unha mellora para a aprendizaxe.

### **Sistema de avaliación da aprendizaxe**

A avaliación da materia realízase mediante avaliación continua e a superación de exames.

A avaliación mediante exames, probas, ten un peso do 75% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua é do 25%.

É necesario acadar unha puntuación igual ou superior a 1,25 sobre 2,50 puntos, na avaliación continua, para poder sumarlle a puntuación do exame ou exames.

**CONTIDO DA AVALIACIÓN MEDIANTE EXAMES/PROBAS: 7,50 puntos**

- Probas parciais ou final: 6 puntos.
- Probas de construción teórica do coñecemento en clases expositivas: 1,50 puntos.

**CONTIDO DA AVALIACIÓN CONTINUA E PUNTUACIÓN MÁXIMA: 2,50 puntos**

- Actividades interactivas e/ou vinculadas a estas: 0,90 puntos.
- Outros traballos en equipo e/ou individuais: 1,60 puntos.

As puntuacións das actividades de avaliación continua poderán verse modificadas, previo acordo co alumnado, sempre que se valore que contribúe a unha distribución máis equitativa nas puntuacións destas. Na Guía da Materia que se entrega ao comezo das clases especificaranse as actividades previstas a realizar, as pautas e a puntuación para cada unha delas, contemplando, de ser o caso, as modificacións en relación co programa.

### **PERSOAS CON DISPENSA DE ASISTENCIA**

O alumnado que teña concedida dispensa de asistencia seguirá a seguinte modalidade de avaliación:

- Exame: 75%.
- Avaliación continua: 25%.

As actividades de dispensa de asistencia colgaranse na web da EUTS ([www.euts.es](http://www.euts.es)), no apartado da materia de Traballo Social e Xénero, en concreto, no espazo destinado a dispensa de asistencia. Neste espazo tamén se colgarán as pautas de entrega de traballos, as puntuacións e os prazos estipulados para a entrega das tarefas.

Do mesmo xeito que na modalidade presencial, só se sumará a nota do exame á avaliación continua, cando nesta última se acade unha puntuación igual ou superior a 1,25 puntos.

O alumnado con dispensa de asistencia terá que contactar coa docente, por correo electrónico ([pfrieiro@euts.es](mailto:pfrieiro@euts.es)) nun prazo non superior a cinco días hábiles desde a data de publicación da acta na que figura a resolución favorable de dispensa de asistencia.

### **SISTEMA DE CONTROL DE ASISTENCIA**

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro.

O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia a clase nos ensinos adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

No caso de non asistir á clases nas que se realizan tarefas con puntuación e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, pódense compensar estas, coa elaboración de traballos e exercicios encomendados pola profesora. unha vez se teña confirmación da xustificación da/ s falta/s de asistencia, o/o alumno/a ten que poñerse en contacto coa profesora, a través de correo electrónico (pfrieiro@euts.es) nun prazo máximo de cinco días hábiles, a contar desde a data da resolución favorable da falta ou faltas xustificadas.

Para a entrega de traballos derivados de faltas xustificadas establécese un prazo de entrega, en concreto, cinco días hábiles desde que a persoa alumna recibe a tarefa ou tarefas por parte da docente. Fóra deste prazo non se procederá á súa revisión e, por tanto, non se puntuarán.

## SISTEMA DE RECUPERACIÓN

- A recuperación do exame realizarase nas datas oficialmente establecidas.
- Os traballos realizados nas clases só se poderán recuperar cando se teña unha resolución favorable da falta xustificada.
- As persoas que non entreguen as actividades programadas nos prazos estipulados, salvo causas debidamente xustificadas e acreditadas, non poderán recuperalas na primeira convocatoria.
- A puntuación das actividades realizadas nas clases interactivas, salvo que a falta estea xustificada, non se poderá recuperar na segunda convocatoria.
- Poderase solicitar que se garden as notas alcanzadas durante dous cursos académicos. Para iso, o alumnado debe solicitalo por escrito, mediante correo electrónico á docente (pfrieiro@euts.es). O prazo máximo estipulado para esta solicitude é o último día de setembro do curso académico seguinte.
- As probas de construción teórica do coñecemento en clases expositivas poderanse recuperar cando a falta estea debidamente xustificada, mediante acta na que conste resolución favorable. O alumnado ten un prazo de 5 días hábiles para poñerse en comunicación coa docente a través de correo electrónico (pfrieiro@euts.es) e 5 días hábiles para a súa realización despois da comunicación da docente.

### ***Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala***

Estudo autónomo individual ou en grupo:

50 horas Exercicios: 15 horas

Lectura de textos: 15 horas

Elaboración de traballos, visualización de material:

15 horas Preparación de exposicións: 4 horas

Total: 99 horas

### ***Recomendacións para o estudo da materia***

A participación nas clases é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para que o alumnado sinta a maior vinculación cos contextos profesionais.

Recoméndase, durante o desenvolvemento temporal da materia, manter un contacto periódico coa profesora encargada para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder afondar nos aspectos de maior interese.

### ***Observacións***

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico do alumnado e de revisión de cualificacións.

Recoméndase ler a guía da materia que se facilita ao alumnado o primeiro día de clase, nela amplíanse os contidos do programa, en canto a planificación, datas importantes, actividades, puntuacións de estas, pautas de entrega de traballos, bibliografía, entre outros aspectos.

*2º Cuadrimestre*

---

# G3171103 – Fundamentos de Psicoloxía (Procesos e Problemas sobre os que actúa o Traballo Social) - Curso 2022/2023

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Primeiro Curso

## Profesora: M<sup>a</sup> Almudena Gómez Pulido

## Programa

### Obxectivos da materia

- Coñecer as achegas das distintas teorías psicolóxicas acerca do comportamento humano.
- Coñecer os procesos psicolóxicos básicos e elementos fundamentais que configuran o comportamento humano.
- Comprender a dimensión social dos procesos subxectivos e de formación de identidades persoais.
- Coñecer e ser capaz de analizar os procesos de interacción interpersoal.
- Identificar os procesos de formación, desenvolvemento e interacción dos grupos e comunidades.

### Contidos

- I. Introducción á Psicoloxía como ciencia.
- II. Bases biolóxicas da conducta.
- III. Procesos psicolóxicos básicos.
  - III.1. Motivación e emoción.
  - III.2. Sensación, Atención e Percepción.
  - III.3. Intelixencia e aprendizaxe.
  - III.4. Pensamento e Memoria.
- IV. Personalidade e psicopatoloxía básica.
- V. Psicoloxía social.

### Bibliografía básica e complementaria

#### BÁSICA

Delgado, M. L. (Coord.). (2015). *Fundamentos de Psicología para ciencias sociales y de la salud*. Editorial Médica Panamericana. Domja, M. (2019). *Fundamentos del condicionamiento y el aprendizaje*. Manual moderno. Sabucedo, J. M. e Morales, J. F. (Coords.). (2015). *Psicología social*. Editorial Médica Panamericana.

#### COMPLEMENTARIA

Aguado, L. (2018). *Emoción, afecto y motivación*. Alianza. Chance, P. (2001). *Aprendizaje y conducta*. Manual Moderno. Gaviria, E., Lòez-Sáez, M. e Cuadrado, M. I. (2019). *Introducción a la psicología social*. UNED. Goldstein, E. B. (1999). *Sensación y percepción*. Thomson. Greenwood, J. D. (2009). *Historia de la Psicología: Un enfoque conceptual*. McGraw Hill. Gross, R. D. (2004). *Psicología: La ciencia de la mente y la conducta*. Manual Moderno. Hogg, M. (2010). *Psicología Social*. Panamericana. Marín, M. e Martínez, R. (2012). *Introducción a la psicología social*. Pirámide. Morris, C. G. y Maisto, A. A. (2011). *Introducción a la Psicología*. Pearson. Myers, D. (2011). *Psicología*. Editorial Médica Panamericana. Nevid, J. S. (2009). *Psicología: Concepto y aplicaciones*. Cengage. Palmero, F. e Martínez, F. (Coords.). (2008). *Motivación y emoción*. McGraw Hill. Pons Diez, X. (2022). *El marco teórico de la psicología social*. Prensas de la Universidad de Zaragoza.



Smith, E. E., Nolen-Hoeksema, S., Fredrickson, B. e Loftus, G. (2003). *Introducción a la Psicología*. Thomson Learning. Wade, C. e Tabriz, C. (2003). *Psicología*. Pearson.

## **Competencias**

### **XENÉRICAS**

Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais no campo da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

### **ESPECÍFICAS**

Coñecer a realidade social, as teorías sociais, así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.

### **TRANSVERSAIS**

- Capacidade de análise e síntese
- Capacidade de comunicación oral e escrita
- Capacidade de razoamento crítico
- Capacidade de aprendizaxe autónoma
- Capacidade de motivación pola calidade

## **Metodoloxía da ensinanza**

A proposta metodolóxica pretende conxugar o formato maxistral das clases expositivas coas metodoloxías activas e participativas das clases interactivas e co traballo autónomo e o autoaprendizaxe por parte do alumnado.

Preténdese que o alumnado participe activamente na construción do coñecemento a través do manexo da bibliografía e da resolución de casos ós que deberá aplicar destrezas de observación, análise e interpretación da información.

Como aula virtual, para el desenvolvemento da docencia empregárase a web propia do centro, na que cada materia ten seu espazo propio, ó que o alumnado accede coa chave.

O seguimento realízase a través da programación das entregas e listas de participación.

## **Sistema de avaliación da aprendizaxe**

A avaliación da materia realizarase mediante un exame final que suporá o 75% da nota e mediante a avaliación continua, sendo esta o 25% restante. Será obrigatorio acadar un 4 sobre 10 no exame para sumar a porcentaxe obtida na avaliación continua.

Dita avaliación continua realizarase a través da participación e a realización de traballos:

- Tarefas individuais (40%): lectura de textos e realización de exercicios sobre os textos, participación activa na realización de exercicios participativos, análise de material audiovisual e/o traballo sobre casos a través doutros medios, etc.
- Tarefas grupais (60%): Elaboración e presentación grupal dun traballo temático, actividades realizadas nas sesións interactivas, etc.

Na Guía de la Materia que entregárase ó inicio das clases, especificase o contido e a puntuación correspondente a cada tarefa da avaliación continua.

No caso de non asistir ás clases nas que realízanse tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas da asistencia, poden compensarse estas tarefas coa elaboración de traballos e exercicios que lle sexan encomendados pola profesora.

Unha vez confirmada a xustificación das faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto coa profesora para o encargo da tarefa compensatoria no caso de que se proceda a realización dunha actividade puntuable. Ó efecto, unha vez publicada a acta na que conste a xustificación da/s falta/s de asistencia, o alumnado ten un prazo de 5 días hábiles, para solicitar á profesora a tarefa para compensar a puntuación correspondente.

A puntuación obtida nas actividades da avaliación continua poderanse conservar en cursos posteriores non sendo que algunhas destas actividades sexa eliminadas y/o sexa incorporada algunha nova; neste caso deberá realizarse para poder obter a puntuación correspondente. Por outra parte, se cambia a valoración de cada unha das actividades, a puntuación obtida no seu momento, modificarase pola equivalente actual. O/a

alumno/a que non supere a materia, e desexe conservar a puntuación obtida no curso anterior debe comunicalo a través de un correo electrónico dirixido á profesora da materia.

O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas a Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

#### DISPENSA DE ASISTENCIA

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir as clases e teña concedida a dispensa de asistencia, deberá realizar as tarefas por dispensa de asistencia que serán comunicadas ao alumnado en persoa, e por correo electrónico unha vez se poñan en contacto coa profesora da materia (nun prazo non superior os 5 días hábiles dende a data de publicación do acta na que se recoñece dita concesión).

#### PLAXIO e USO INDEBIDO DAS TECNOLOXÍAS

"Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións"

#### **Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala**

Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas

Exercicios: 15 horas

Lectura de textos: 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas

Outras tarefas: 4 horas

TOTAL: 99 horas

#### **Recomendacións para o estudo da materia**

Dado o carácter básico da materia e a súa ubicación no plano de estudos, non se indican requisitos previos para a superación da mesma.

É importante que o alumnado se implique activamente dende o comezo na dinámica e funcionamento da materia para poder superala con éxito.

A participación nas clases é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para posicionar ao alumnado en contextos profesionais.

Recoméndase, durante o desenvolvemento temporal da materia, manter un contacto periódico coa profesora encargada para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder afondar nas parcelas de maior interese.

#### **Observacións**

Respecto á bibliografía recoméndase tamén consultar a que se presenta na Guía da materia, e revisar periódicamente a web da materia onde se subirán contidos recentes (novas ou artigos recentes).

# G3171105 – Historia dos Sistemas de Benestar Social (O Contexto Institucional do Traballo Social ) - Curso 2022/2023

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Primeiro Curso

## Profesor: Xoán Carlos Bascuas Jardón

### Programa

#### Obxectivos da materia

- Coñecer e comprender o obxecto e os mecanismos de actuación e xeitos de provisión dos Servizos Sociais no ámbito español e europeo, así como a estrutura xeral e a organización.
- Coñecer e comprender o obxecto e os mecanismos de actuación e xeitos de provisión dos subsistemas de benestar social (saúde, educación, garantía de ingresos, vivenda, etc.) no ámbito español e europeo, así como a súa estrutura xeral e a súa organización.
- Coñecer e comprender o obxecto e os mecanismos de actuación da cooperación ao desenvolvemento.

#### Contidos

- I.- Política social e sistemas de benestar no marco do desenvolvemento da actividade profesional de Traballo Social. O obxecto e os mecanismos de actuación e formas de provisión desde unha perspectiva histórica.
- II.- Estrutura xeral e organización estatal en relación aos sistemas de benestar.
- III.- Política social e Educación.
- IV.- Política social e Sanidade.
- V.- Política social e Vivenda.
- VI.- Política social e Emprego.
- VII.-Política social e Seguridade Social.
- VIII.-Política social e Servizos Sociais.
- IX.- Estrutura dos sistemas de benestar nunha perspectiva europea.
- X.- A cooperación ao desenvolvemento e as Administracións Públicas.

#### Bibliografía básica e complementaria

- Abellán, J. (2012). *Política. Conceptos políticos fundamentales*. Alianza.
- Alemán, C. e Garcés, J. (Coord.). (1996). *Administración Social: servicios de bienestar social*. Ed. Siglo XXI.
- Alemán, C. e Garcés, J. (Coord.). (1998). *Política Social*. McGraw-Hill.
- Alemán, C. e Garcés, J. (1999). *Fundamentos de bienestar social*. Ed.Tirant lo Blanch.
- Alemán, C. e Fernández, T. (2008). *Introducción a los Servicios Sociales*. UNED.
- Alemán, C. e Fernández, T. (2008). *Introducción al Trabajo Social*. Alianza editorial.
- Alonso, J.M. e Gonzalo, B.(2000). *La Asistencia social y los servicios sociales en España*. Ed. Boletín Oficial del Estado.
- Borrajo, E. (2011). *Introducción al derecho del trabajo*. Tecnos.
- Consejo General de Colegios Oficiales de Diplomados en Trabajo Social y Asistentes Sociales. (1986). *De la Beneficencia al Bienestar: Cuatro Siglos de Acción Social*. Siglo XXI.
- Colom, D. e Miranda, M.(Coord.).(1998). *Organizaciones de bienestar*. Mira editores.

- .- Colom, D. (2008). *El trabajo social sanitario*. Siglo XXI.
- .-Fernández, T. e Garcés, J. (Coord.). (1999). *Crítica y futuro del Estado de Bienestar*. Ed. Tirant lo Blanch.
- .- Fernández, T. e De la Fuente, Y.M<sup>a</sup>. (Coords.). (2009). *Política social y Trabajo Social*. Alianza Editorial.
- .- Giner, S. e Sarasa, S. (Coord.). (1997). *Buen gobierno y política social*. Ed. Ariel.
- .- Gutiérrez, A. e Garcés, J. (Coord.). (1999). *Los servicios sociales en las Comunidades y Ciudades Autónomas*. Ed. Tirant lo Blanch.
- .- Herrera, M. (1998) *El tercer sector en los sistemas de bienestar*. Ed. Tirant lo Blanch.
- .- Martín, C. (2004). *El empleo en España. Su evolución desde 1996 a 2003 y los efectos de las reformas laborales*. Confederación Sindical de Comisiones Obreras.
- .- Mira-Perceval, M.T., De Alfonso, N. e Giménez, V. (2007). *Servicios Sociales: estructura dinámica, políticas y estrategias en España y la Comunidad Valenciana*. Ed. Universidad de Alicante.
- .- Montagut, T. (2000). *Política Social*. Editorial Ariel.
- .- Navarro, V. (Coord.).(2004). *El Estado de Bienestar en España*. Tecnos.
- .- Navarro, V. (2002). *Bienestar insuficiente, democracia incompleta*. Anagrama.
- .- Navarro, V. e Torres, J. (2013). *Lo que debes saber para que no te roben la pensión*. Espasa.

## Competencias

Na Memoria do Título de Grao en Traballo Social sinalase que esta materia contribúe a acadar as seguintes competencias, vinculadas cos obxectivos propostos para a titulación:

### Competencias xenéricas:

- .-Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

### Competencias específicas:

- Ter a capacidade para traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades e circunstancias, promovendo o cambio, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberdade da sociedade para incrementar o benestar e a cohesión:
- Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.

### Competencias transversais:

- .- Capacidade de análise e síntese.
- .- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- .- Capacidade de razoamento crítico.
- .- Capacidade de aprendizaxe autónoma.
- .- Capacidade de motivación pola calidade.

## Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía utilizada combina a docencia de clases expositivas, interactivas, titorías en grupo reducido e o traballo persoal.

As sesións de aula nas aulas expositivas teñen como finalidade a explicación dos aspectos básicos de cada tema establecido no programa, proporcionando a información necesaria que permita ao alumnado o aprendizaxe autónomo.

A docencia interactiva, de 18 horas distribuídas no cuadrimestre, pretende que o alumnado, individualmente ou en grupo, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos, traballo con textos ou datos, aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

No último período do cuadrimestre realizaranse sesións de titorías en grupos reducidos nos que se desenvolverán actividades orientadas á realización do exame final.

A través das titorías asesórase ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma polo/a alumno/a, que supoñen un proceso de aprendizaxe.

## Sistema de avaliación da aprendizaxe

Haberá un exame final tipo test, correspondente ás convocatorias oficiais (tanto para a primeira como para a segunda oportunidade), que é necesario superar para aprobar a materia.

O exame final liberará o 70% da nota final.

O 30% restante da nota final se corresponderá coa avaliación continua.

Na Guía da Materia, que se entrega ao comezo das aulas, especificase o contido e a puntuación correspondente a cada tarefa da avaliación continua.

No caso de non asistir ás aulas nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas, coa elaboración de traballos e exercicios encomendados polo profesor. Unha vez se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto co profesor para o encargo da tarefa compensatoria, no caso de que proceda a realización dunha actividade puntuable. Ao efecto, unha vez publicada o acta na que conste a xustificación da/s falta/s de asistencia, o alumnado ten un prazo de 5 días hábiles, para solicitar ao profesor a tarefa para compensar a puntuación correspondente.

A puntuación obtida nas actividades de avaliación continua pódese conservar para cursos posteriores, non sendo que algunhas destas actividades sexa eliminada e/ou súa incorporada algunha nova; neste caso deberá realizarse para poder obter a puntuación correspondente. Por outra parte, se cambia a valoración de cada unha das actividades, a puntuación obtida no seu momento, modificarase pola equivalente actual. O/l alumno/a que non supere a materia, e desexe conservar a puntuación obtida no curso anterior debe comunicalo a través dun correo electrónico dirixido ao profesor da materia (basucas@euts.es).

O prazo e os motivos polos que se pode xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia ás aulas nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

#### DISPENSA DE ASISTENCIA

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas y que teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas coa realización de exercicios ou traballos que deberá entregar por escrito, despois de acordalo co profesor nunha titoría.

O alumnado que teña concedida a dispensa de asistencia, ten que poñerse en contacto co profesor, preferentemente por correo electrónico, nun prazo non superior a cinco días hábiles dende a data de publicación da acta na que se recoñece dita concesión.

#### PLAXIO E USO INDEBIDO DAS TECNOLOXÍAS

“Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións”..

#### **Tempo de estudos de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala**

O tempo de estudo e traballo persoal do alumnado estímase en 99 horas distribuídas como segue:

- .-Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas.
- .-Exercicios: 15 horas.
- .-Lectura de textos: 15 horas.
- .-Elaboración de traballos, visualización de material: 15 horas.
- .-Preparación de exposicións orais: 4 horas.

#### **Recomendacións para o estudo da materia**

Non hai recomendacións específicas, para alén do contacto periódico co profesor e a participación nas aulas interactivas.

# G3171106 – Antropoloxía Social e Cultural (Procesos e Problemas sobre os que actúa o Traballo Social ) - Curso 2022/2023

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Primeiro Curso

## Profesor: Xoán Carlos Bascuas Jardón

### Programa

#### Obxectivos da materia

- Coñecer os procesos e elementos fundamentais que configuran o comportamento humano no medio social e a relación entre a persoa e o contorno.
- Coñecer as achegas das distintas teorías antropolóxicas acerca do comportamento humano na realidade social.
- .- Comprender a dimensión social dos procesos subxectivos e de formación de identidades sociais..- Identificar os procesos de formación, desenvolvemento e evolución das persoas, as familias, os grupos, as organizacións e as comunidades.
- .- Comprender e valorar as perspectivas doutras culturas recoñecendo a diversidade cultural e humana.

#### Contidos

Tema 1. Definición e obxecto da Antropoloxía. Definición da Antropoloxía xeral. Ramas da Antropoloxía. Definición de Antropoloxía social e cultural. Obxecto de estudo da Antropoloxía social e cultural. Relacións da Antropoloxía con outras ciencias. Sociedade e cultura. Técnicas de investigación.

Tema 2. Antropoloxía ecolóxica e económica. Adaptación ao medio ambiente: factores tecnolóxicos e económicos. Tipos de subsistencia: formas de produción. Organización e división do traballo. Tipos de intercambio: reciprocidade, redistribución, intercambio de mercado. Redistribución: exemplo clásico de potlatch. Sociedades industrializadas.

Tema 3. Sistemas de parentesco e matrimonio. Parentesco. Matrimonio. Roles de xénero.

Tema 4. Control social e organización política. Definicións de política e poder. Sistemas de organización política. Control social. Milenarismo ou revitalización.

Tema 5. Antropoloxía cognitiva. Linguaxe, comunicación e cultura. Crenzas e tipos de cultos: teorías e conceptos xerais.

Tema 6. Antropoloxía aplicada. Definición de antropoloxía aplicada. Investigación, teoría e práctica. Antropoloxía da medicina. Antropoloxía urbana.

Tema 7. Sistema mundial. Estratificación. Teoría do sistema mundial. Sistemas de estratificación. Etnicidade e racismo; tolerancia e conflito. Colonialismo e desenvolvemento.

## **Bibliografía básica e complementaria**

Augé, M. e Colley, J. P. (2004). *Qué es Antropología*. Paidós. Balandier, G. (2006). *Antropología política*. Del Sol. Ember, C. R., Ember, M., e Peregrine, P. N. (2016). *Antropología*. Pearson. Fox, R. (2004). *Sistemas de parentesco y matrimonio*. Alianza Editorial. Harris, M. (2004). *La antropología cultural*. Alianza. Harris, M. (2007). *Introducción a la antropología general*. Alianza. Kottak, C. P. (2003). *Antropología Cultural. Espejo para la Humanidad*. McGraw Hill. Lisón, C. (2004). *Brujería, Estructura social y simbolismo en Galicia*. Akal. Lisón, C. (Ed.). (2007). *Introducción a la Antropología social y cultural. Teoría, método y práctica*. Akal. Mariño, X. (2000). *Antropoloxía de Galicia*. Xerais. Martín, A. (2006). *Antropología del género. Culturas, mitos y estereotipos sexuales*. Cátedra. Martínez, M. L. (2020). *El Arte del ser humano. Fundamentos de Antropología*. Editorial CEF. Oliver, J. (2013). *Antropología*. Alianza. Peacock, J. (2005). *La lente antropológica*. Alianza. Segalen, M. (2005). *Ritos y rituales contemporáneos*. Alianza.

## **Competencias**

### **XENÉRICAS:**

- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

### **ESPECÍFICAS:**

- Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural.

### **TRANSVERSAIS:**

- Capacidade de análise e síntese .
- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- Capacidade de razoamento crítico.
- Capacidade de aprendizaxe autónomo.
- Capacidade de motivación pola calidade.

## **Metodoloxía da ensinanza**

A metodoloxía utilizada combina a docencia de clases expositivas, interactivas, titorías en grupo reducido e o traballo persoal.

As sesións de aula nas aulas expositivas teñen como finalidade a explicación dos aspectos básicos de cada tema establecido no programa, proporcionando a información necesaria que permita ao alumnado o aprendizaxe autónomo.

A docencia interactiva, de 18 horas distribuídas no cuadrimestre, pretende que o alumnado, individualmente ou en grupo, desenvolva actividades de participación activa: discusión de casos, traballo con textos ou datos, aplicación de técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, etc.

No último período do cuadrimestre realizaranse sesións de titorías en grupos reducidos nos que se desenvolverán actividades orientadas á realización do exame final.

A través das titorías asesórase ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas de realización autónoma polo/a alumno/a, que supoñen un proceso de autoaprendizaxe.

## **Sistema de avaliación da aprendizaxe**

Haberá un exame final tipo test, correspondente ás convocatorias oficiais (tanto para a primeira como para a segunda oportunidade), que é necesario superar para aprobar a materia.

O exame final liberará o 60% da nota final.

O 40% restante da nota final se corresponderá coa avaliación continua.

Na Guía da Materia, que se entrega ao comezo das aulas, especifícase o contido e a puntuación correspondente a cada tarefa da avaliación continua.

No caso de non asistir ás aulas nas que se realizan tarefas puntuábeis, e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, poden compensarse estas tarefas, coa elaboración de traballos e exercicios encomendados polo

profesor. Unha vez se teña confirmación da xustificación das faltas de asistencia, o/a alumno/a ten que poñerse en contacto co profesor para o encargo da tarefa compensatoria, no caso de que proceda a realización dunha actividade puntuable. Ao efecto, unha vez publicada o acta na que conste a xustificación da/s falta/s de asistencia, o alumnado ten un prazo de 5 días hábiles, para solicitar ao profesor a tarefa para compensar a puntuación correspondente.

A puntuación obtida nas actividades de avaliación continua pódese conservar para cursos posteriores, non sendo que algunhas destas actividades sexa eliminada e/ou sexa incorporada algunha nova; neste caso deberá realizarse para poder obter a puntuación correspondente. Por outra parte, se cambia a valoración de cada unha das actividades, a puntuación obtida no seu momento, modificarase pola equivalente actual. O/I alumno/a que non supere a materia, e desexe conservar a puntuación obtida no curso anterior debe comunicalo a través dun correo electrónico dirixido ao profesor da materia (bascuas@euts.es).

O prazo e os motivos polos que se pode xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia ás aulas nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

#### DISPENSA DE ASISTENCIA

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás aulas y que teña concedida a dispensa de asistencia, poderá compensar as faltas coa realización de exercicios ou traballos que deberá entregar por escrito, despois de acordalo co profesor nunha titoría.

O alumnado que teña concedida a dispensa de asistencia, ten que poñerse en contacto co profesor, preferentemente por correo electrónico, nun prazo non superior a cinco días hábiles dende a data de publicación da acta na que se recoñece dita concesión.

#### PLAXIO E USO INDEBIDO DAS TECNOLOXÍAS

“Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións”

#### ***Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala***

O tempo de estudo e traballo persoal estimado que debe dedicar un estudante para a superación da Antropoloxía Social e Cultural é dun total de 99 horas distribuídas do seguinte xeito:

Estudo autónomo individual ou en grupo:

50 horas. Exercicios: 15 horas.

Lectura de textos: 10 horas.

Elaboración de traballos, visualización de

material: 20 horas. Preparación de

exposicións: 04 horas.

#### ***Recomendacións para o estudo da materia***

Non hai recomendacións específicas, para alén do contacto periódico co profesor e a participación nas aulas interactivas.



# G3171107 - Fundamentos de Economía (Ferramentas Legais e Organizativas para o Traballo Social) - Curso 2022/2023

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Primeiro Curso

## Profesor: Artur Tamazian Shamagian

### Programa

#### Obxectivos da materia

Dacordo co exposto na memoria do Grao en Traballo Social da EUTS os obxectivos básicos da materia son os seguintes:

- Coñecer os conceptos básicos da Economía.
- Coñecer os conceptos fundamentais e adquirir as destrezas básicas de xestión económica (orxamentos, contabilidade, etc.), así como da creación de organizacións e formas de autoemprego.
- Coñecer os conceptos básicos de Responsabilidade Social nas Empresas e a súa xestión.
- Ser capaz de aplicar mecanismos de xestión económica de recursos e servizos.

#### Contidos

Para acadar os obxectivos plantexados para a materia os contidos xerais da materia son os seguintes:

- Conceptos básicos de Economía.
- Ferramentas básicas de xestión económica: Técnicas orxamentarias e réxime contable.
- Creación de entidades económicas e a súa vinculación ca xeración de emprego e formas de autoemprego.

A continuación expóñense os descritores básicos do contido de cada un dos temas que integran o programa de docencia expositiva e interactiva:

#### Tema 1

Técnicas e instrumentos de análise en Economía

Descrición das diferentes técnicas e instrumentos que se empreñan no análise económico teórico e aplicado. Especial incidencia no concepto de relación funcional e no análise de representacións gráficas teóricas e de datos estatísticos.

#### Tema 2

Axentes económicos e sistemas económicos

Estudo sistemático dos diferentes axentes que interveñen na actividade económica, con especial incidencia nas organizacións empresariais e no análise das súas actividades e estados contables. Explicación do esquema do fluxo circular da renda. Estudo teórico e aplicado das diferentes formas de organización da actividade económica dun país e da súa vinculación cas principais doutrinas económicas.

#### Tema 3

O funcionamento do mercado

Análise dos fundamentos básicos da lei da oferta e da demanda e dos elementos determinantes do comportamento dos mercados. Análise matemático e gráfico dos procesos de determinación de prezos de mercado. Estudo dos fallos do mercado e das súas posibles solucións.

#### Tema 4

##### O papel económico do Estado

Estudo das xustificacións existentes para a intervención pública na economía e das funcións económicas do Estado nunha economía moderna. Análise de procesos orzamentarios públicos e das diferentes medidas de política económica.

#### Tema 5

##### Indicadores económicos e sociais

Análise dos principais indicadores da situación económica e social dun país. Especial atención ó PIB como indicador económico básico e ó IDH como principal indicador da situación socioeconómica (benestar social) dun país. Introducción ós indicadores de desenvolvemento sustentable.

#### Tema 6

##### O diñeiro e o financiamento da economía

Estudo do concepto, as funcións e o proceso de creación de diñeiro nunha economía moderna. Análise dos tipos de xuro e do funcionamento das institucións e os mercados financeiros no proceso de financiamento da actividade económica. Estudo do Banco Central e da inflación.

#### Tema 7

Estudo de concepto e as funcións da Responsabilidade Social Corporativa (RSC ). Indicadores da RSC . O crecemento económico sustentable e a RSC.

#### Tema 8

##### A distribución da renda e as políticas sociais

Estudo teórico e aplicado sobre os determinantes e a medición da distribución da renda e da riqueza nun país. Análise da xustiza distributiva como obxectivo de política socioeconómica. Estudo das políticas económicas e sociais de carácter redistributivo.

Programa de traballo exclusivo para grupos interactivos:

Está previsto que cada grupo interactivo dispoña dun total de seis sesións ó longo do curso. A programación inicial consiste en desenvolver en clase unha selección das seguintes actividades, dun elevado grao de flexibilidade, dado que ese desenvolvemento depende de numerosos factores que haberá que avaliar durante o transcurso do cuadrimestre:

1. Lectura inicial sobre a materia e preguntas de comprensión de conceptos.
2. Exercicio/práctica sobre análise contable de estados financeiros.
3. Exercicio/práctica sobre funcionamento do mercado e determinación de prezos.
4. Exercicio/práctica sobre orzamentos públicos.
5. Exercicio/práctica sobre indicadores económicos.
6. Exercicio/práctica sobre indicadores de benestar social.
7. Exercicio/práctica sobre indicadores do mercado de traballo.
8. Exercicio/práctica sobre distribución da renda e discusión de políticas redistributivas.
9. Outros exercicios/prácticas, lecturas ou actividades diversas.

#### **Bibliografía básica e complementaria**

- Alesina, A. e Giavazzi, F. (2009). *El futuro de Europa. Reforma o Declive*. Antoni Bosch. Amat, O. (2008). *Análisis Económico-Financiero* (20ª ed.) Gestión 2000.
- Brealey, R., Myers, S. e Allen, F. (2010). *Principios de Finanzas Corporativas* (9ª ed.). McGraw-Hill.
- Cuadrado Roura, J. R. (2010). *Política Económica. Elaboración, objetivos e instrumentos* (4ª ed.). McGraw-Hill.
- Dasgupta, P. (2009). *Economía: Una breve introducción*. Alianza Editorial Economía.
- Esping-Andersen, G. (2000). *Fundamentos sociales de las economías postindustriales*. Ariel. Esping-Andersen, G. e Palier, B. (2010). *Los tres grandes retos del Estado del Bienestar*. Ariel.
- Fernández Díaz, A., Parejo Gámir, J. A. e Rodríguez Sáiz, L. (2006). *Política Económica* (4ª ed.). McGraw-Hill.
- Global Reporting Initiative (2011). *Guía para la elaboración de memoria de Sostenibilidad*. <https://www.globalreporting.org/resourcelibrary/Spanish-G3.1-Complete.pdf>
- González, J. J. e Requena, M. (Eds.). (2008). *Tres décadas de cambio social en España*. Alianza Editorial.
- Graue, A. (2009). *Fundamentos de Economía*. Pearson.
- Lipsey, R. G. (1989). *Introducción a la Economía Positiva*. Vicens Vives.
- McConnell, C. R., Brue, S.L. e Macpherson, D. A. (2007). *Economía Laboral* (7ªed.). McGraw-Hill.
- Mankiw, N. G. (2004). *Principios de Economía* (3ª ed.). McGraw-Hill.
- Mochón, F. (2010). *Principios de Economía* (5ª ed.). McGraw-Hill.
- Mochón, F. (2009). *Economía, Teoría y Política* (6ª ed.). McGraw-Hill.
- Montagut, T. (2008). *Política social. Una introducción*. Ariel.
- Rodríguez Cabrero, G. (2004). *El Estado del Bienestar en España: debates, desarrollo e retos*. Fundamentos.
- Samuelson, P. A. e Nordhaus, W. D. (2006). *Economía* (18ª ed.). McGraw-Hill.

Ademais das referenzas bibliográficas sinaladas, poderán utilizarse en clase artigos técnicos ou periodísticos, información estatística e lecturas que podan aparecer con posterioridade á elaboración deste programa ou que teñan unha utilización que poda ser aconsellable en función do traballo que se estea a realizar en clase, respostando así á idea de flexibilidade da docencia en grupos interactivos

### **Competencias**

Dacordo co exposto na memoria do Grao en Traballo Social da EUTS as competencias da asignatura son as seguintes:

Competencias xenéricas:

-Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósos sociais, no eido da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.

Competencias específicas:

-Coñecer a realidade social, as teorías sociais así como teorías sobre a cultura e a diversidade cultural. Esta competencia específica forma parte da competencia específica: Ter a capacidade para traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades e circunstancias, promovendo o cambio, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberdade da sociedade para incrementar o benestar e a cohesión.

Competencias transversais:

-Capacidade de análise e síntese.  
-Capacidade de comunicación oral e escrita.  
-Capacidade de razoamento crítico.  
-Capacidade de aprendizaxe autónomo.  
-Capacidade de motivación pola calidade

### **Metodoloxía da ensinanza**

O traballo presencial na aula consta de docencia expositiva, docencia interactiva, titoría personalizada en grupos reducidos e avaliación. O traballo persoal do alumno/a baséase no estudo autónomo individual ou en grupo, na realización de exercicios ou prácticas, na lectura e comprensión de textos especializados, a elaboración de traballos, a visualización de material sobre a asignatura e sondaxe bibliográfica. Todo elo cas cargas horarias que se sinalan na memoria do Grao en Traballo Social da EUTS para a asignatura Fundamentos de Economía.

Como ferramentas fundamentais para a docencia ao longo do curso, empregárase a aula virtual da EUTS xunto coas ferramentas institucionais da USC como Microsoft Forms e Teams.

A docencia expositiva e interactiva é presencial. A titoría de grupos reducidos faise de forma tamén presencial.

O seguimento realízase mediante a programación das entregas, a resolución de actividades segundo a programación definida e as listas de participación.

### **Sistema de avaliación da aprendizaxe**

A avaliación da asignatura realízase mediante:

- a) Unha Proba final: Un exame cuxo peso na valoración total será do 75% que tradúcese nun valor de 7,5 puntos, e se celebrará na data oficial determinada polo centro e
- b) Avaliación continua: Os traballos, exercicios e comentarios realizados en clase, cuxo peso na valoración total será do 25% que tradúcese nun valor de 2,5 puntos (prevese inicialmente que o alumnado realice 6 traballos nas horas de docencia con grupos interactivos, cinco deles cun valor de 0,5 puntos cada un e unha sexta que englobará as cinco xa realizadas). O sexto traballo pretende servir de recuperación dalgún dos cinco realizados, no caso de suspenso. Tamén serve para incrementar a nota dos traballos xa aprobados.

A nota final será o promedio da calificación obtida na proba final e avaliación continua.

No caso de non asistir a clases nas que se realizan tarefas puntuables, e se teñan xustificadas as faltas de

asistencia, poden compensarse estas tarefas na sexta proba. Ao efecto, unha vez publicada a acta na que conste a xustificación da/s falta/s de asistencia, o alumnado ten un prazo de 5 días hábiles, para comunicarllo ao profesor.

O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

#### DISPENSA DE ASISTENCIA

O alumnado que xustifique a imposibilidade de asistir ás clases e teña concedida dispensa de asistencia, ten que poñerse en contacto co profesor, preferentemente por correo electrónico, nun prazo no superior a 5 días hábiles dende a data de publicación da acta na que se recoñece dita concesión.

#### PLAXIO E USO INDEBIDO DAS TECNOLOXÍAS

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

#### ***Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala***

O reparto de cargas horarias é o seguinte, dacordo ca memoria do Grao

en Traballo Social da EUTS: Traballo persoal do alumno/a:

Estudio autónomo individual ou en grupo: 50 horas  
Exercicios: 15 horas  
Lectura de textos: 15 horas  
Elaboración de traballos, visualización de material: 15 horas  
Outras tarefas propostas: 4 horas de sondaxe bibliográfica  
Total: 99 horas

#### ***Recomendacións para o estudo da materia***

A participación en clases é esencial para a integración de coñecementos teóricos e prácticos para así situar o alumnado en contextos profesionais.

Recoméndase, durante o desenvolvemento temporal da materia, manter un contacto regular co profesor encargado aclaración dos contidos necesarios e orientación bibliográfica precisa.

# G3171123 - Ética e Traballo Social (O Traballo Social: Conceptos, Métodos, Teorías e Aplicación) - Curso 2022/2023

## Información

- **Créditos ECTS**
- Créditos ECTS: 6.00
- **Total: 6.0**

## Outros Datos

- **Tipo:** Materia Ordinaria Grao RD 1393/2007
- **Departamentos:** Campus Norte
- **Áreas:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Centro:** Escola Universitaria de Traballo Social
- **Convocatoria:** 2º Semestre de Titulacións de Grao
- **Docencia e Matrícula:** Primeiro Curso

## Profesora: Diana M. Escobar Arias

### Programa

#### Obxectivos da materia

- Ser capaz de analizar a relación entre políticas institucionais, as esixencias legais e os límites profesionais no desenvolvemento do traballo social.
- Adquirir os conceptos morais de dereitos, responsabilidade, liberdade, autoridade e poder na práctica do traballo social.
- Ser capaz de aplicar a base dos valores, as normas éticas e os códigos deontolóxicos da práctica do traballo social, e de seguilos.
- Saber analizar criticamente os casos nos que xorden dilemas éticos

#### Contidos

Tema I: Introducción á ética.

- I.1. Conceptualización da ética.
- I.2. Orixe da ética: a ética na Grecia Clásica.

Tema II: A ética na Grecia Clásica: influencias filosóficas e aplicabilidade en Traballo Social.

- II.1. Os sofistas.
- II.2. Sócrates.
- II.3. Platón.
- II.4. Aristóteles.

Tema III: Teorías éticas: reflexións para a intervención social.

- III.1. A ética deontolóxica kantiana.
- III.2. A ética utilitarista.
- III.3. A ética neoaristotélica: o comunitarismo (a ética da virtude).
- III.4. A teoría da xustiza.
- III.5. A ética discursiva ou dialóxica.
- III.6. A ética do coidado.

Tema IV: A ética na postmodernidade: Onde nos movemos?

- IV.1. A postmodernidade.

IV.2. A falacia naturalista.

IV.3. A auto-ética: o desenvolvemento moral segundo Kohlberg e o coñecemento de si.

Tema V: Traballo social, dereitos humanos e deontoloxía profesional: implicacións na intervención social.

V.1. Como xorden e que son os dereitos humanos?.

V.2. Convergencia e aplicabilidade na práctica do traballo social.

V.3. Os códigos profesionais. O código deontolóxico do traballo social: aplicabilidade e reflexións.

Tema VI: Ética aplicada en traballo social.

VI.1. Principios bioéticos: aplicabilidade en traballo social e relación con outros principios.

VI.2. O respecto.

VI.3. Paternalismo versus autodeterminación: autonomía, benestar e os seus límites.

VI.4. O ético e o legal unha relación controvertida.

Tema VII: A ética nos e nas profesionais do traballo social, nas entidades e na investigación.

VII.1. O traballo social como profesión: o seu carácter ético.

VII.2. Principios na intervención social.

VII.3. As virtudes profesionais.

VII.4. Interacción entre o persoal, o profesional e o social: límites, obxección e riscos profesionais (burnout e fatiga por compasión).

VII 5. A ética na investigación en traballo social.

VII.6. Reflexión socio-crítica: fortalezas e dificultades na abordaxe profesional e investigadora.

Tema VIII: Procedementos de toma de decisións éticas aplicadas ao traballo social.

VIII.1. Cuestións, problemas e dilemas éticos.

VIII.2. Modelos e recursos de apoio para a toma de decisións deliberada.

## Bibliografía básica e complementaria

### BÁSICA:

- Ballester, A. (2006). *Dilemas éticos en Trabajo Social*. Eunate.
- Banks, S. (1995). *Ética y valores en Trabajo Social*. Paidós.
- Bermejo, F.J. (1996). *Ética y Trabajo Social*. UPCO.
- Bermejo, F.J. (2002). *Ética de las Profesiones*. Desclée De Brouwer.
- Camps, V. (2013). *Breve Historia de la Ética*. RBA Libros.
- Canimas, J. (2006). La ética aplicada a la intervención social. *Revista de Servicios Sociales y Política Social*, 73, 135-144.
- Cortina, A. (2013). *¿Para qué sirve realmente...?: La Ética*. Paidós.
- Consejo General del Trabajo Social. (2018). *Código Deontológico del Trabajo Social*. Autor.
- Guisán, E. (1990). *Razón y pasión en ética: los dilemas de la ética contemporánea* (1ª ed.). Anthropos.
- Healy, K. (2001). *Trabajo social: perspectivas contemporáneas*. Morata y Fundación Paideia.
- Macintyre, A. (2006). *Historia de la ética* (3ª ed.). Paidós.
- Román, B. (2016). *Ética de los servicios sociales*. Herder.
- Salcedo, D. (1998). *Autonomía y bienestar: La ética del Trabajo Social*. Comares.
- Salcedo, D. (Comp.). (1999). *Los valores en la Práctica del Trabajo Social*. Narcea.
- Zamanillo, T. (Dir.). (2011). *Ética, teoría y técnica: La responsabilidad política del Trabajo Social*. Talasa.

### COMPLEMENTARIA:

- Ballester, A. (2009). Dilemas éticos en trabajo social: el modelo de la ley social. *Portularia*, 2, 123-131.
- Camps, V. (Ed.). (2008). *Historia de la ética 1: De los Griegos al Renacimiento*. Crítica.
- Cortina, A. (1990). *Ética sin moral*. Tecnos.
- Cortina, A. (1994). *La ética de la sociedad civil*. Anaya.
- Cortina, A. (2004). *Ética mínima* (9ª ed.). Tecnos.
- Cortina, A. e Martínez, E. (1998). *Ética*. Akal.
- Chambon, A.S., Irving, A. e Epstein, L. (Eds.). (2001). *Foucault y el trabajo social*. Maristán.
- Fernández, T. (Coord.). (2010). *Fundamentos del Trabajo social* (1ª ed.). Alianza.
- Fernández, T. e Ponce, L. (2012). *Trabajo Social Individualizado: Metodología de Intervención*. Ediciones Académicas.
- Ferrater, J. (2000). *Diccionario de filosofía* (Vol. I-IV). Alianza.

- Gracia, D. (2008). *Fundamentos de bioética*. Triacastela.
- Gracia, D. (2008). *Procedimientos de decisión en ética clínica*. Triacastela.
- Guthrie, W. (1988). *Historia de la filosofía griega: Siglo V. Ilustración* (Vol. III). Gredos.
- Hortal, A. (2002). *Ética general de las profesiones*. Desclée de Brouwer.
- Idareta-Goldaracena, F. (2014). Propuesta para la Medición de la Violencia al Usuario en el Trabajo Social Desde Las Perspectivas de E. Lévinas y J. Derriba. *Revista de Trabajo Social Portularia*, 1(XIV), 15-26.
- International Federation of Social Worker.(2012).*National Codes of Ethics*. <http://ifsw.org/resources/publications/national-codes-of-ethics/>
- Lima, A.I. e Maya, A. (Coords.). (2018). *Protección de datos en los servicios sociales: Guía para profesionales*. Consejo General del Trabajo Social.
- Marina, J.A. (1995). *Ética para náufragos* (2ª ed.). Anagrama.
- Nogués, L., e Cabrera, P. (Dirs.). (2017). Ética y Trabajo Social [Monográfico]. *Cuadernos de Trabajo Social*, 30 (1).
- Morin, E. (2004). *El Método*. Cátedra
- Osset, M. (2001). *Más allá de los Derechos Humanos*. DVD.
- Savater, F. (2011). *Ética para Amador* (20ª ed.). Ariel.
- Sen, A. (2008). *Bienestar, Justicia y Mercado*. Paidós.
- Singer, P. (1995). *Ética práctica*. Ariel.
- Singer, P. (2007). *Compendio de Ética*. Alianza Editorial.
- Úriz, M.J., Ballesteros, A. e Urien, B. (2007). *Dilemas éticos en la intervención social: Una perspectiva profesional desde el Trabajo Social*. Mira.

## Competencias

### XENÉRICAS:

- Posuír e comprender os coñecementos que definen o Traballo Social como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, métodos e ámbitos de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.
- Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes, facer valoracións e diagnósticos sociais, no ámbito da intervención social, que inclúan unha reflexión sobre temas actuais de índole social, científica ou ética.
- Ter desenvolvido as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar a súa formación e aprendizaxe no ámbito do Traballo Social cun alto grao de autonomía.

### ESPECÍFICAS:

- Ter a capacidade para traballar e valorar de maneira conxunta con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades e circunstancias, promovendo o cambio, a resolución de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento e a liberdade da sociedade para incrementar o benestar e a cohesión.
- Establecer relacións profesionais co obxecto de identificar a forma máis axeitada de intervención.
- Ter capacidade para integrar os principios e normas do Código Deontolóxico do Traballo Social e demostrar competencia profesional no exercicio do Traballo Social mesmo.
- Xestionar conflitos, dilemas e problemas éticos complexos identificando os mesmos, deseñando estratexias de superación e reflexionando sobre os seus resultados.

### TRANSVERSAIS:

- Capacidade de análise e síntese.
- Capacidade de comunicación oral e escrita.
- Capacidade de toma de decisións.
- Capacidade de razoamento crítico.
- Capacidade de compromiso ético.
- Capacidade de aprendizaxe autónomo.
- Capacidade de motivación pola calidade.

## Metodoloxía da ensinanza

A metodoloxía utilizada combina a docencia de clases expositivas, interactivas, titoría en grupo reducido e o traballo persoal. Preténdese que o alumnado, individual e/ou en equipo, desenvolva actividades de participación activa: traballo con textos e/ou datos, estudo de casos, aplicación de teorías, técnicas, destrezas e habilidades a supostos prácticos, análise de vídeos, entre outras.

A finalidade das clases expositivas é a explicación dos aspectos básicos de cada tema establecidos no programa, proporcionando a información necesaria que permita ao alumnado a aprendizaxe autónoma e colectiva.

A docencia interactiva pretende que o alumnado, individual e/ou de forma grupal, desenvolva actividades de participación activa, como as sinaladas no primeiro parágrafo deste apartado.

Nas titorías presenciais en grupo reducido, dinamízase, orienta e supervísase o traballo autónomo do alumnado, á vez que permite facer un seguimento e orientación de tarefas e actividades de desenvolvemento individual e/ou colectivo da docencia expositiva e interactiva.

A través das titorías individuais asesórase ao alumnado para o desenvolvemento das actividades propostas e, ademais, é un espazo de encontro no que se poden clarificar dúbidas, facer achegas, entre outros aspectos.

Preténdese que o alumnado, individual e colectivamente, participe de forma activa na construción de coñecementos. Para iso levaranse a cabo metodoloxías participativas. Estas describíense como un proceso vivo, dinámico, que se desenvolve en interacción, para xerar reflexión compartida sobre o que se fai, se busca, aspira e desexa desde unha visión colectiva. Implican intercambio e relación integral entre a práctica e a teoría.

Implican un esforzo permanente e sistemático de análise, estudo, reflexión da realidade, dos proxectos e prácticas de intervención que se levan a cabo. Por tanto, implican recoller feitos, situacións, contidos, conceptos, valores, traballar coas emocións; así como coa realidade nos seus diversos aspectos, e/ou interpretacións. Para iso, levaranse a cabo actividades participativas (visuais, auditivas, corporais, vivenciais, de descubrimento individual e colectivo), vinculas ao contexto, a casos, experiencias, aplicando técnicas, destrezas, habilidades, entre outras. Ademais, combinarase o anterior co uso e análise de material audiovisual e bibliográfico.

Poderán producirse cambios na metodoloxía da materia cando así sexa acordado entre a profesora e o alumnado e sempre que supoña unha mellora para a aprendizaxe.

### **Sistema de avaliación da aprendizaxe**

A avaliación da materia realízase mediante avaliación continua e a superación de exames.

A avaliación mediante exames ten un peso do 60% sobre a cualificación global, polo que o peso da avaliación continua é do 40%.

É necesario alcanzar unha puntuación igual ou superior a 2,0 sobre 4,0 puntos, na avaliación continua, para poder sumarlle a puntuación do exame ou exames.

### **CONTIDO DA AVALIACIÓN CONTINUA E PUNTUACIÓN MÁXIMA: (4 PTOS)**

- Actividades de construción teórica do coñecemento a partir de dinámicas en clases expositivas e participación nestas: 1,4 puntos.
- Actividades interactivas e/ou vinculadas a estas: 1,4 puntos.
- Outros traballos en equipo e/ou individuais: 1,2 puntos.

As puntuacións das actividades de avaliación continua poderán verse modificadas, previo acordo co alumnado, sempre que se valore que contribúe a unha distribución máis equitativa nas puntuacións destas. Na Guía da Materia que se entrega ao comezo das clases especificaranse as actividades previstas a realizar, as pautas e a puntuación para cada unha delas, contemplando, de ser o caso, as modificacións en relación co programa.

### **PERSOAS CON DISPENSA DE ASISTENCIA**

O alumnado que teña concedida dispénsaa de asistencia seguirá a seguinte modalidade de avaliación:

- Exame: 60%.
- Avaliación continua: 40%.

As actividades de dispensa de asistencia colgaranse na web da EUTS ([www.euts.es](http://www.euts.es)), no apartado da materia de Traballo Social e Xénero, en concreto, no espazo destinado a dispensa de asistencia. Neste espazo tamén se colgarán as pautas de entrega de traballos, as puntuacións e os prazos estipulados para a entrega das tarefas.

Do mesmo xeito que na modalidade presencial, só se sumará a nota do exame á avaliación continua, cando nesta última se acade unha puntuación igual ou superior a 2 puntos.

O alumnado con dispensa de asistencia terá que contactar coa docente, por correo electrónico ([diana@euts.es](mailto:diana@euts.es)) nun prazo non superior a cinco días hábiles desde a data de publicación da acta na que



figura a resolución favorable de dispensa de asistencia.

## SISTEMA DE CONTROL DE ASISTENCIA

O sistema de control de asistencia é o establecido polo centro.

O prazo e os motivos polos que se poden xustificar as faltas de asistencia son os establecidos na Normativa de asistencia a clase nos ensinos adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (Acordo do Consello de Goberno da USC do 25 de marzo de 2010).

No caso de non asistir á clases nas que se realizan tarefas con puntuación e se teñan xustificadas as faltas de asistencia, pódense compensar estas, coa elaboración de traballos e exercicios encomendados pola profesora. unha vez se teña confirmación da xustificación da/ s falta/s de asistencia, o/o alumno/a ten que poñerse en contacto coa profesora, a través de correo electrónico (diana@euts.es) nun prazo máximo de cinco días hábiles, a contar desde a data da resolución favorable da falta ou faltas xustificadas.

Para a entrega de traballos derivados de faltas xustificadas establécese un prazo de entrega, en concreto, cinco días hábiles desde que a persoa alumna recibe a tarefa ou tarefas por parte da docente. Fóra deste prazo non se procederá á súa revisión e, por tanto, non se puntuarán.

## SISTEMA DE RECUPERACIÓN

- A recuperación do exame realizarase nas datas oficialmente establecidas.
- Os traballos realizados nas clases só se poderán recuperar cando se teña unha resolución favorable da falta xustificada.
- As persoas que non entreguen as actividades programadas nos prazos estipulados, salvo causas debidamente xustificadas e acreditadas, non poderán recuperalas na primeira convocatoria.
- A puntuación das actividades realizadas nas clases interactivas, salvo que a falta estea xustificada, non se poderá recuperar na segunda convocatoria.
- Poderase solicitar que se garden as notas alcanzadas durante dous cursos académicos. Para iso, o alumnado debe solicitalo por escrito, mediante correo electrónico á docente (diana@euts.es). O prazo máximo estipulado para esta solicitude é o último día de setembro do curso académico seguinte.

### ***Tempo de estudos e de traballo persoal que debe dedicar un estudante para superala***

Estudo autónomo individual ou en grupo: 50 horas

Exercicios: 15 horas

Lectura de textos: 10 horas

Elaboración de traballos, visualización de material: 20 horas

Preparación de exposicións: 4 horas

TOTAL: 99 horas

### ***Recomendacións para o estudo da materia***

A participación nas clases é fundamental para a integración dos coñecementos teóricos e prácticos, e para que o alumnado senta a maior vinculación cos contextos profesionais.

Recoméndase, durante o desenvolvemento temporal da materia, manter un contacto periódico coa profesora encargada para a clarificación e a orientación bibliográfica precisa para poder afondar nos aspectos de maior interese.

### ***Observacións***

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico do alumnado e de revisión de cualificacións.

Recoméndase ler a guía da materia que se facilita ao alumnado o primeiro día de clase, nela amplíanse os contidos do programa, en canto a planificación, datas importantes, actividades, puntuacións de estas, pautas de entrega de traballos, bibliografía, entre outros aspectos.do 25 de marzo de 2010).